

orixe e tamén destino.

Os camiños miran sempre para a fronte, abeiran os lindeiros, abrigan as pisadas, buscan pontes, constrúen rutas, serven de vías para algo ou alguén, abren mundos e ábreñse a el, diríxennos a algures, tamén van “de camiño, están en camiño e levan camiño de”, unen mundos subindo montañas cruzando vales... son sempre as eternas utopías; os camiños permítennos respirar ese aire fresco eternamente incompatible cos virus da podremia.

Os camiños, as vías... A poesía é a escollida, aquí, para unirnos con Braga; é quen construíu en Galicia unha das máis fermosas poesías do universo mundo, a lírica medieval galego-portuguesa, un camiño a volver a trillar para esta nova Gallaecia.

DI-VERSOS

COLABORA

100

centésimo
páxina

marcos
2020

arança
nogueira

eduardo
estévez

sther f.
carrodegua

tamara
andrés

xurxo
chapela

arrincando marcos 2020

IAS

ARANCHA NOGUEIRA
EDUARDO ESTÉVEZ
STHER F. CARRODEGUAS
TAMARA ANDRÉS
XURXO CHAPELA

Arrincando marcos 2020

POSITIVAS



Este libro editase en colaboración coa
SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA
DA XUNTA DE GALICIA

A POESÍA, A VÍA NOVA DA LITERATURA

A Vía Nova, ou Vía XVIII do Itinerario de Antonino, unía a Gallaecia, artellábaa unindo pobos e xentes moi variadas. E Braga era (e é) orixe e tamén destino.

Os camiños miran sempre para a fronte, abeiran os lindeiros, abrigan as pisadas, buscan pontes, constrúen rutas, serven de vías para algo ou alguén, abren mundos e ábrense a el, diríxennos a algures, tamén van “de camiño, están en camiño e levan camiño de”, unen mundos subindo montañas cruzando vales... son sempre as eternas utopías; os camiños permítennos respirar ese aire fresco eternamente incompatible cos virus da podremia.

Os camiños, as vías... A poesía é a escollida, aquí, para unirnos con Braga; é quen construíu en Galicia unha das máis fermosas poesías do universo mundo, a lírica medieval galego-portuguesa, un camiño a volver a trillar para esta nova Gallaecia.

© Arancha Nogueira
© Eduardo Estévez
© sther f. carrodegas
© Tamara Andrés
© Xurxo Chapela

© Edicións Positivas s.l.
Rúa das Carretas, 18, baixo
15705 Santiago de Compostela (Galicia)
Tel.: 660397064
positivas@edicionspositivas.com
www.edicionspositivas.com

ISBN: 978-84-121415-4-2
Dep. Legal: C 411-2020

ARANCHA NOGUEIRA

nacín en Ourense en 1989. era un domingo de setembro, o primeiro, e meus pais quixeran que coñecese o salitre. pero cheguei tarde e nacín na tundra do interior. busquei sombras sempre porque a calor é seca e excesiva. busco sombras sempre.

na miña descrición de instagram escribín “cantiga de amigo con patas / poeta / doutoranda desastre / cantante de ducha / louca dos afectos” e todo, ou case todo, é verdade. estudei xornalismo, un mestrado de literatura comparada e outro de educación secundaria. por moito que me insistan, non quero facer unha oposición. traballei como axudante nun quiosco, como promotora de maionestas nun supermercado, como moza de todo nun antigo cárcere norirlandés, como profe de academia, como segurata de Melchor na cabalgata de reis, como investigadora predoutoral na USC, como presentadora dun programa de galego para estranxeirxs que tiña unha subvención da Xunta pero nunca saíu á luz.

só hai dúas cousas que fago desde pequena: escribir e bailar. cando aínda non sabía todas as letras, pedíalle a miña nai que me axudase a escribir historias que inventaba, e que agora gardo (gardamos) con coidado entre cartulinas de cores onde debuxaba portadas fantasiosas. sempre debuxei mal, pero nunca me importou. bailei ballet desde os 3 anos, e despois danza do ventre, baile moderno, jazz. agora só bailo nos bares, pero tampouco me importa. apréndese moito nos bares. hai moita vida, e gústanme os lugares onde hai vida.

non acredito en todo, pero só sei dicir as cousas que acredito berrando. por iso teño bastantes *baters*. quero e coido moito a quen quero. non sei cocinñar nin furrular coas novas tecnoloxías. son desordenada

e perfeccionista, con toda a contradición que iso implica, porque sobre todo son contradictoria. e feminista, e vexetariana, e grande admiradora da miña avoa Paz, e triunfita frustrada. tampouco sei tocar ningún instrumento, nin decorar interiores, nin calar as cousas que opino.

eu só escribo e bailo.

POESÍA

- Andar descalza* (Concello de Outes, 2013).
- A capacidade de descomposición da luz* (plaquette autoeditada, 2018)
- o único lugar onde ficar inmóbil* (Editora Urutau, 2018).
- spleen en catro tempos* (Ed. Toxosoutos, 2018).
- a comparsa* (Leite Edicións, 2019).
- os ourizos* (Leite Edicións, 2019).
- #hashtags para un espazo agónico* (Edicións Positivas, 2019).
- dente de leite* (Xerais, 2020).

OBRAS COLECTIVAS

- Premio de relato, poesía e tradución da Universidade de Vigo 2016* (Universidade de Vigo, Xerais, 2016)
- Libro colectivo de homenaxe a Manuel María* (Deputación de Lugo, 2017)
- XVI Certame Literario Concello de Ames* (Concello de Ames, Fundación Feiraco, 2018)
- Xuventude Crea 2017* (Xunta de Galicia, 2018)
- Cultura que Une. Ribeira Sacra-Douro* (Fundación Vicente Risco, 2018)
- Creative Cork Intercultural City Voices* (antoloxía bilingüe, texto traducido por Keith Payne. Cork City Council, Creative Ireland, 2018)

–*Antoloxía Vide, Paisaxe, Fala - Florencio Delgado Gurrarán* (Deputación de Ourense, Instituto de Estudos Valdeorreses, 2018)

–*Calpurnias, mulleres poetas ourensás* (Ed. Cuestión de Belleza, 2019)

–*Un xardín de medio lado. 17 poetas da urutau na Galiza* (Ed. Urutau, 2019)

–*Antoloxía de poesía galega nova* (antoloxía bilingüe galego-grego, textos traducidos por Sofía Karatzá e Teresa Pardo. Editora Vakxikon, 2019)

deixaba escrito Emily Dickinson, “a publicación non é cousa que incumba ás poetas”. Evidentemente, a escrita vai para alén das obras publicadas. se non, talvez, estaríamos falando dunha fábrica de libros, dunha multinacional papeleira, dun almacén de palabras en stock, dun black friday de poemas.

a escrita para alén de case todo. a escrita habitando ese limbo entre a linguaxe cotiá e o transcendente. e a poeta, como di Piedad Bonnett, deixándose tocar polo mundo sen caer no sentimentalismo, movéndose entre o máis fondo e o máis cursi.

por iso me gustan os bares. porque son vida de tacto, sen rastro de piedade nin de paternalismo. hai moita pena nos bares e nunca hai espellismos. pero tamén hai moita euforia e moita suor, e iso nunca se finxe. nunca hai droga nos bares até cando hai moita droga. o mesmo pasa coa poesía.

pensei en tatuarme un lóstrego porque os bos poemas son lóstregos de verdade que caen sobre nós. non hostias, lóstregos. eu non sei se escribín algún bo poema na miña vida, non sei se desatei algunha treboada. pero sei que de facelo, sería un lóstrego.

hai verdades que non teñen outro xeito de dicirse.
verdades grandes e pequenas, aínda que todas as ver-
dades e todos os lóstregos son grandes. tendín á po-
esía sen querer porque, como dixer, eu só sei berrar.
se cadra a poesía é mala educación. e a poeta, unha
descarada. pero non hai xeito de estar nos bares se
non é sendo descarada. non hai xeito de estar na vida.
tocando todo, berrando todo, sen piedade, sen proto-
colos, con risco.

a poeta só escribe e baila.

mamá e papá viaxaron a Roma pouco despois de que eu nacese

imaxinas o que foi?

papá e mamá gastaban zapatos goretex
e unha guía de viaxes máis vella ca ti e ca min
que contiña monumentos, museos, prazas
xeaderías, restaurantes e case seguro que ningún
Starbucks

mamá e papá viaxaron a Roma e ía frío

eu seiño porque para eles é un recordo, un recordo
tépedo
pero viaxaron sen Instagram
non o inmortalizaron

papá e mamá
algo así como a pegada fósil dunha criatura
mitolóxica

se se descoidan, xa non hai recordo

converteron a viaxe en algo efémero e feísimo
sen filtros alumeados nin música nin gifs

algo tan feo que só está na súa memoria
algo así de feo, así de único

(tamén así, sen imaxes, deron morte ao derradeiro
dos unicornios)

(Inédito)

#planetario

o descubrimento de planetas fóra da galaxia
é unha nova repetida e partillada
en facebook, twitter, snapchat
nuns cincuenta idiomas
nuns douscentos países
mesmo aqueles onde case ningún ten facebook
twitter
snapchat
nin algúns tipos de antibiótico

e un cento de millonarios cobre a lista
dunha viaxe espacial futura
cósmica

apartamentos en marte
con osíxeno privado
e nave espacial privada

e algo moi pouco semellante ás estrelas

mentres tanto, na chuvia das perseidas
soñamos con big bangs e champaña e lotería

non sabemos nada do que hai no mundo.

de #hashtags para un espazo agónico

#galifornia

arde a amazonía
mentres nun carnaval de verán
[#makeup #friends]
cinco pocahontas sexis de pintura alaranxada
[#prayfornotredame]
exhiben bebidas verdes en ecovasos tintados
e algo moi
 moi parecido á violencia

así
[#fuckplastic #galifornia]
calor de serán de agosto
de sorriso demacrado
inxenuísimas

así
derrubamos un idioma

así
construímos unha guerra.

de #hashtags para un espazo agónico

#love

repetir o quérote con mil acentos
como se ninguén o dixese antes
nos mesmos parques, nas mesmas saídas de
discotecas
nas mesmas mesas das mesmas terrazas brancas
coas mesmas candeas prendidas
como se ninguén o dixera antes
con esa fe

I love you

o mundo enteiro posuído nesa carpa

baixo o barullo inmenso das reparacións da catedral
xunto ao vómito espeso dunha borracheira dura
sobre o piso franco do vendedor de coca

a intimidade louca dos amantes.

de #hashtags para un espazo agónico

#wanderlust

inventamos etiquetas para perdernos
preferimos ignorar a dinastía maia
as caras redondas de estirpe
as que estiveron antes ca nós erguendo pedras

queremos crer a nosa historia
a historia única
o espazo virxe

tiramos fotos do embarque
xunto a 300 persoas
nun boeing 737.

de #hashtags para un espazo agónico

#fogar

o tom tom
alporizado como un neno cheo de fame
avisa de chegarmos ao destino

así, na preguiza eterna das maletas
descargamos a forza no ruar de antes
nos camiños descalzos das avoas
e nas casas descansadas dos veciños vellos

un hipermercado e unha tenda chinesa
respiran no bruído do que antes fora estanco
e antes tenda
e antes silva

eu
xa non son deste lugar.

de #hashtags para un espazo agónico

#fronteira

capa invisíbel de lama e verde
xentes que cantan
estradas a debuxar mil curvas

no bico dos beizos
o eufemismo
e o seu peso todo
no percorrido dun búmerang.

de #hashtags para un espazo agónico

I
papá

papá, cando chegaba a castañeira
eu sentíame como no conto
a vendedora de mistos

era un conto que mercaras lonxe
e trouxeras moito antes que eu soubese dos
invernos
que case todos os invernos son azuis

cando chegaba a castañeira
compartíamos o botín como un ritual:
tí, as máis grandes
eu, as ricas

paseabamos na humidade dun outono que podía
xa con nós

papá, nese silencio
nas mans rugosas no papel do diario
na aperta a compartir o frío

aprendía a coñecerte

[o outono estaba todo nese *cucurucho*]

de *os ourizos*

II
nós

na fogueira convivíamos co perigo

alí, o primeiro dos segredos

a copa única que compartíamos como en calma
sabéndonos tan núcleo de furacán

queríamos bailar e tiñamos medo de bailar
a gironda gironzinha vámonos a girondare

dabamos media volta
sorriamos ás xentes

aprendíamonos maiores nese xogo de perfís

de *os ourizos*

III ti

ti marchas como marchan os candís despois das doce
grácil e sen despedidas
como soa un timbre

volverei á *girona* como limpa
a agarrarme doutros brazos
a danzar con outras pernas

ninguén saberá de nós
viviremos para sempre nun silencio de castañas

serás o último segredo

(pero eu non precisaba nome
para saber da nosa historia)

de *os ourizos*

A VIRTUDE

*Comemos sen erguer do prato as marcas
da freada, o trabar na lingua do invisible e
festa sen navallas
non é festa.*

Xabier Xil Xardón

I. A violencia

Os *jeans* azuis
corroboran o exército de fanáticos
que hai cinco minutos decidiu vingarse na súa boca
das falacias do xenio dos cabelos longos.

María, exhibicionista
colecciona folgos nun anaco do salón

ese anaco, o que non se limpa nunca
como nunha rebeldía adolescente.

Van pasar moitas fotos, moitas ausencias
moitos conflitos de telexornal
e moitas cousas das que non se contan
mortes e intemperies e delirios

as súas pernas longas e fraquísimas
van adorar como un fénix
a respiración muda do seu diástole
o camiño espigado do seu corpo.

Pechadiña, como unha boneca,
pronuncia por primeira vez *fermosa*.

(Inédito)

II. A escravitude

Victoria agarima a morte.
Os seus petos son mondas de laranxa
esmagadas antes de nacer,
o *savoir fare* do desprendemento.

Nunca pediu más tacto ca ese,
máis presenza.

Funciona no silencio porque así aprendeu a
funcionarse,
e agarima a morte como un símbolo
unha eternidade descansada
a escama do peixe a abdicar do lavalouzas.

Ante ela,
unha fenda imaxinaria:
a pantasma da desorde,
un xenocidio,
a limpeza inacabada.

Para ela non existe autopoética.

(Inédito)

III. A autopsia

Achegámonos ao corpo xa sen nome
bora do óbito 15.35

non hai cóbado que axuste o rigor mortis,
non hai pedra.

Achegámonos ao corpo de María ou de Victoria
ou de Samantha,
un corpo despojado

falar
como un combate a vida ou morte.

No calar da sesta outra
(15.35)
o orgullo ínfimo do aguante

algo que non se posúe

o lugar preciso onde morren os arroutos.

*(que fica do corpo
no despois de todas as palabras?)*

(Inédito)

EDUARDO ESTÉVEZ

nacín en buenos aires en 1969, mais desde 1995 a galiza é a miña terra adoptiva. cheguei a ela cun par de libros publicados en español pero o galego fóiseme metendo aos poucos nos versos e xa non deu saído, meu pobre.

e sou escritor (luagris.net)

e editor (caldeiron.org)

e coordino un certame para poetas inéditas (paralle.org)

e dirixo obradoiros nos que axudo ás persoas aprenderen o oficio de poeta

gaño o pan como analista de sistemas e tamén son guía turístico en compostela.

OBRA PUBLICADA

Catedrales de perfil (Argentina, 1990)
Ya tan deshabitado (Venezuela, 1994)
só paxaros saíron desta boca (Galiza, 1998)
lúa gris (Galiza, 1999)
os veos da paisaxe (Galiza, 2000)
caderno apócrifo da pequena defunta (Galiza, 2003)
derrotas (Galiza, 2004)
Postais (edición web, 2005)
mapas para describir a ausencia (edición web, 2005)
itinerarios (antoloxía) (Galiza, 2005)
construcións (Galiza, 2008)
rúa da cancela (Galiza, 2010)
entrar na casa (Galiza, 2015)
de baleas (Galiza, 2017)
nós-dentro (Galiza, 2018)
[sen-fín] (Galiza, 2019)
venecia abandonada (no prelo)

sentou ao seu carón

víraa cando subiu no autobús
e decidiuno porque
a praza estaba libre
e ela era nova e parecía
bonita detrás do cabelo que agochaba
parte do rostro

pero non considerou que o sitio
era o menos indicado para poder
mirala

requiría xirarse
dun xeito impúdico

ademais
ela mantiña a cabeza
levemente inclinada
sobre un libro que lía e o pelo
caíalle polo lado da cara xusto do lado
del

así que na media
hora ou tres cuartos da viaxe
debeu conformarse
con seguir de esguello
os dedos as uñas
curtas
con esmalte transparente

sostiña un lapis co que ía facendo
anotacións na marxe das páxinas

tiña unha letra áxil e miúda
a miopía impedíalle distinguir
o escrito

por media
hora ou tres cuartos miroulle as mans
os dedos finos
e iso púxoo
nalgún sentido moderadamente feliz

nalgún sentido
triste

de súpeto ela
levanta a vista
deixando ao descuberto o rostro e el
vólvese e míraa
despreocupado da interpretación
que ela poida facer
do xesto

tiña a mirada limpa e un lunar
xusto debaixo do ollo esquerdo

pero o autobús
achegábase xa ao destino
del e levantouse

dirixiu confuso
os pasos cara á porta

e premeu o timbre
para indicar ao condutor
a súa intención de baixar
na seguinte parada

de *construcións*

no salón baleiro
un piano

ninguén o toca pero
ás veces
as cordas durmidas
emiten sons tenues

responden ás vibracións
circundantes

pequenas alteracións
na melodía do cotián

e é como se o instrumento
latexase

o fenómeno chámase simpatía

pero é triste como
unha sala de estar
na que todo permanece
en cadanseu sitio

pasos no andar de arriba
sosteñen un la
bemol

unha porta
re

pausa

por entre as contras mal pechadas
unha raiola deséñase
na madeira do chan

unha liña tenue
de po
no aire inmóbil

de *[sen-fín]*

deteste diante
dun pequeno bosque
e concéntraste no brión
que medra nas cortizas

observas pola fiestra
dúas violetas
ao pé dun castiñeiro

e aínda que non teñen flores
recoñeces
as pólas novas
que naceron este ano

sorpréndeste cun matiz
da luz do sol que penetra entre as follas

nesa forma oriental
de ollar arredor
de centrarse nos detalles
está a lírica

na conciencia do ineludíbel das mudanzas
a dor

de *[sen-fín]*

sentas diante da folla en branco

co propósito de describir
unha paisaxe

analizas as posibilidades

non cedes á tentación
do catálogo prolixo

pensas a paisaxe desde ti

unha paisaxe irrepetíbel
porque heráclito e o río etcétera

se é perfecta
procuras o pequeno
desequilibrio
que a poña en tensión

imaxínala
como un relato alleo

inventas uns ollos
para ver a paisaxe

e ao terminar

tomas distancia
consideras outras opcións
deixas pousar

algunhas semanas
de lume lento
han facer do poema
unha nova postal

e a ollada e o río

de *[sen-fín]*

santa lucia (fragmento)

* * * *

pola estación suceden / unhas poucas figuras
silandeiras

é enorme e fría

noutro tempo / os trens chegaban ateigados e to-
do era / un continuo balbordo

agora / antes do labirinto da cidade / o viaxeiro
mergúllase nun outro / de liñas rectas

lembra o relato de borges e sabe / que aínda non
está perdido

* * * *

non hai sensación de abandono

semella que o edificio / quedou de súpeto / an-
corado no esquecemento

como se unha traxedia imprevista / provocase a
fuxida

unha vez recollidos os restos / abonda un em-
pregado da limpeza / que percorre a sala detrás
dunha vasoira / coa convicción / dun conserva-
dor de museo

dun sacristán

a estación semella / o antigo templo dun deus
esquecido

algunha vez foi venerada
unha kaaba para miles de / viaxeiros impenitentes

pero xa non son tempos de turismo

agora o edificio / ancorado na beira da cidade / é
unha balea náufraga / con memoria

* * * *

e acubillo

porque é inverno e fóra / os pavimentos están
húmidos / ou xeados

e as siluetas ocasionais atravesan / as primeiras pon-
tes / mergullan polas calexas / esvaran na néboa

o viaxeiro abandona o edificio e / ao saír á expla-
nada / o aire bate no seu rostro

o tempo e a auga danlle ás cousas / unha profun-
didade nova e á vez / esquecida

* * * *

as vellas cidades / conservan trazos do pasado /
na forma dos muros

pero aquí todo é máis / difuso

do nacemento á metrópole / do espolio á multi-
tude / dos grandes barcos / ao silencio

nos recantos nas pasaxes nas fiestras clausuradas
/ a cidade empéñase en permanecer

* * * *

nunca estivo aquí / pero o viaxeiro percorre o
seu destino / con determinación e asombro

na cidade deserta / é coma un espírito amábel

o corpo esguío / o impermeábel século vinte / o
chapeu

desprázase tal e como queredría ver pasar un tran-
seúnte / se estivese captando a imaxe cunha cá-
mara de fotos

como se fosen outros tempos

uns que nunca existiron

* * * *

non é certo

pero o viaxeiro / sempre visita venecia / por pri-
meira vez

de *venecia abandonada* (no prelo)

soñara con ser

director de orquestra

sons debuxándose
no aire con cada
movemento dos seus
dedos

pero unha doenza
allea e mortal
trazou unha liña
inesperada no seu
camiño

nunha pequena
vila da pampa
foi contábel coñeceu
muller e os sábados
tocaba o violín
na sesión de cine mudo

despois emigrou
á cidade grande e gris

e a historia teceu novos
nomes

o cine pechou

e a vila asolagárona
a memoria e o salitre

pero esa é
outra historia

de *construcións 2.0* (inédito)

STHER F. CARRODEGUAS

Nacín en Rianxo.

Digo isto porque condiciona un pouco, non? Castelao, Dieste e Manuel Antonio teñen as súas casiñas con placas na rúa de Abaixo. Eu vivín sempre un pouco máis arriba, e con todo, sempre me sentín un pouco máis abaixo.

Máis abaixo da Rúa de Abaixo está o mar: a ría.

Rianxo, de onde eu son, é o punto máis interno da ría máis grande do mundo e por isto vivimos no océano pero temos de diante unha lagoa o cal é un oxímoro vital co que eu convivo dende que son cativa e que, me parece, ten moito que ver con como eu escribo (e por suposto con como eu son).

Ser tan grande e tan pequena ao mesmo tempo.

Vivir a carón de Castelao, Dieste e Manuel Antonio e non poder facer liña con eles.

Vivir (e escribir) [sempre] en plena contradición.

TEATRO

Malcriada, (2020); *Fantasia nº5 en Sol ou Son* (2019); *Loló e Mamá* (2018); *na butaca [fantasia nº3 en Dor Maior]* (2017); *Voaxa e Carmín* (2016); *Barbarie en Branco e Negro* (2013); *República* (2018); *fantasia nº1 en mi menor* (2011)

NARRATIVA

Greta (2020); *collage* (2011)

catecismo do labrego

no mercado hai mulleres que venden verduras
hai cenorias grandes e cenorias pequenas
tomates grandes e tomates pequenos
hai cebolas pequenas
arrodeadas de terra por todas partes
[como as illas polo mar]
no supermercado tamén hai
cenorias-tomates-cebolas
eu vou ao supermercado
sempre pensei que era mellor ir ao mercado
mais a pesar de todo
vou ao supermercado
[unha non sempre fai as cousas
que cre que son mellores
–dá para pensar–]
no supermercado as verduras
[cenorias-tomates-cebolas]
son todas iguais
dan medo
son tan fermosas que dan medo
con tanta cirurxía estética
porén
disque as verduras das vellas dos mercados
son aínda peores
que lles botan calquera cousa para facelas medrar
para poder vender
para poder comer
para poder vivir
que nin sequera agardan
o tempo estipulado pola lei
antes de arrincalas
que lles botan petróleo

para crear cenorias incrivelmente grandes
cenorias de petróleo
para non crelo
as putas vellas do mercado
non teñen corazón
botan merda sobre as verduras sen piedade
dálles igual envelenarnos
o meu avó nunca me deixaba limpar os pratos
con fairy

iso é veneno

dicía:

veneno

para min
o fairy era a cousa coa que eu quitaba a graxa
facilmente
o asunto estaba entre o sinxelo e o veneno
eu limpaba con fairy os pratos
e el decatábase
e dicía:
este prato ten veneno
como podía sabelo se estaba aclarado e enxugado?
o veneno seguía alí
comprárao no supermercado
eu
temos que ter coidado de comer tanto veneno
de comer petróleo
vernices
sulfatos
o meu avó xa morreu
mais eu aínda estou viva
igual ca ti

En *Fantasia nº 5 en Sol ou Non*

cando a noite cae

no porto
no porto de vigo por exemplo
no porto de vigo
despois dun atardecer espectacular
coma todos os atardeceres de vigo
no porto
nacen as putas
as prostitutas
e pasas co coche e podes velas
cada día da semana
sen importar
sen saber
se é luns-mércores-xoves-domingo
se non hai
se non están
será que están a foder
—ou a chuchar—:
que conseguiron traballo
e mentres pasas co coche
pola beiramar de vigo
por entre as enormes fábricas
instaladas enriba do mar
onde hai por exemplo un trasatlántico
DESCOMUNAL
que se está a facer
que pronto albergará a ricas
ou as que o queren parecer
con todo pagado por unha semana
bebendo coco-loco nos fiordes noruegueses
[por exemplo]
mentres tanto
as putas pasan frío
as putas pásanas putas

non
non sabemos se son galegas
se son galegas ou ecuatorianas non o sabemos
se son galegas ou rusas non o sabemos
non sabemos nada delas
porque sempre miramos para outro lado
e non de fronte
é así
aínda que de esguello miremos as pernas longas
os tacos altos
as medias de reixas
as con barriga e as sen barriga
mentres nos preguntamos como poden
como non poden
quen as obriga
se é a vida ou alguén
se hai alguén a quen poidamos botar a culpa
da explotación
se hai un ruso malvado a quen botar a culpa
ou temos que comela
a culpa
coma o veneno nos pratos que saen do lavalouza
e que brillan tanto que dan medo
coma esta rúa
chea de putas
chea de putas e de escuridade
chea de putas que te fan sentir merda
mentres volves para a casa
a durmir
tranquilamente
ou vas a churruca
beber unha birra
y lo que surja

En Fantasía nº5 en Sol ou Non

made in galiza

ti
si
ti
tenta
tenta definir galiza mais alá dos tópicos
veña dálle vai
tenta definir galiza
sen dicir
mar
sen dicir
depende
sen dicir/
tenta
veña
non sexas covarde
tenta definir galiza sen dicir pandeiro-pandeirola-
gaita-pano
tenta
sen dicir verde
sen dicir choiva
sen dicir
tenta
veña
dálle
non te acovardes
sen dicir lingua
sen dicir españa
sen dicir lonxe
sen dicir emigración
sen dicir apóstolo
tenta
ti
si

ti
tenta
non te cortes
ven aquí
ti
si
ti
veña
sen dicir nacionalismo
sen dicir pp
sen dicir fraga
nin fraga nin Fraga
nin con minúscula nin con maiúscula
sen dicir lume
sen dicir fume
sen dicir rosalía
veña tenta
tenta non dicir morriña
veña dálle
ti
si-si
ven aquí e explica esta terra sen dicir terra
sen dicir muller
sen dicir rías altas-baixas-medias
sen dicir grelo
sen dicir pobreza
sen dicir castelao
ven aquí
e non digas sempre
ti: valente
ven
ven valente ven
ven
ti

ti que cres
ti que cres que podes
ven
non fiques podrecido na butaca
move o cu
sen dicir sardiña
sen dicir auga
sen dicir eucalipto
sen cheirar a eucalipto
nin a chapapote
ven
colle o micro
ti
ti que cres que podes
ven
o micro está aquí para ti
para que ti subas
que subas e digas o que queiras
pero sen dicir sacho
sen dicir dorna
sen dicir-

En Fantasía nº 5 en Sol ou Non

non ter culpa

non ter culpa
 non ter culpa
 non ter culpa
 non ter culpa
 non ser culpable
 de nada
 ser inocente
 non saber o que é a culpa
 sen culpa
 ser sen culpa
 non ter vergonza
 non ter responsabilidades
 non ter remordementos
 non ter importancia
 non ter escusas
 e non ter culpa

En na butaca [fantasía nº3 EN Dor Maior]

re-berrarse

oda (berro) a manuel antonio

berrar

SER

UN

BERRO

berrar

máis

alá

MÁIS

ALÁ

chorar?

non

NON

CHORAR

cambiar

cambiar

CAMBIAR

ir

andar

camiñar

correr

trotar

turrar

adiantar

avantar

avanzar	cuspir
progresar	
arriscar	cuspir
arriscar	
arriscar?	cuspir
ARRISCAR	
	berrar
equivocarse?	
	cuspir
non	
	BERRAR
NON	
EQUIVOCARSE	
	acción
IR	reacción
MÁIS	
ALÁ	ACCIÓN
	REACCIÓN
caer?	sede
erguerse	
	sede
caer	
erguerse	sede
caer	sede
erguerse	sede
caer	
erguerse	sede
CAER?	MOITA
	sede
ERGUERSE	
	e
dor?	fame
cuspir	de 4 a 4

arrincar	día
malas	e
herbas	noite
	e
	día
arrincar	e
ARRINCAR	noite
	e
malas	día
herbas	e
	noite
fodendo	e
	día
AUGA	e
TERRA	noite
	e
día	día
e	e
noite	noite
e	e
día	día
e	e
noite	noite
e	e
día	día
e	e
noite	noite
e	
día	
e	
noite	miña
e	terra

miña	arder
auga	berrar
	arder
TERRA	berrar
AUGA	arder
	berrar
S.O.S.	arder
	máis
medo	BERRAR
	MÁIS
merda	
	MÁIS
medo	ALÁ
merda	
	raiba
medo	odio
merda	
	fuxir
	escapar
e	ir
quecerse	máis
	alá
RE-QUECERSE	
	IR
quentarse	MÁIS
RE-QUENTARSE	ALÁ
queimarse	raiba
RE-QUEIMARSE	
ARDER?	odio
BERRAR	

usar
guindar
usar
guindar
usar
guindar

USAR
GUINDAR

GUINDAR

non

ficar

apodrecido

non

NON

NON

pincel
pluma
papel

pincel
pluma
papel

pincel
pluma
papel

CINCEL

SACHO

sachar
fiestra

SACHAR
FIESTRA

FIESTRA

pincel
pluma
papel

aclarar
aclarear
clarexar
alborecer
alborexar
amencer
amañecer
alba
alborada
albor

aurora	8 a 10
vida	de
vida	10 a 12
vida	de
vivir	12 a 2
VIDA	de
berrar	2 a 4
vivir	de
BERRAR	4 a 6
vivir	de
BERRAR	6 a 8
vivir	
BERRAR	
VIVIR	
BERRAR	
BERRAR	
MOITO	

B E R R A R

RE-BERRARSE

de
6 a 8
de
8 a 10
de
10 a 12
de
12 a 2
de
2 a 4
de
4 a 6
de
6 a 8
de

TAMARA ANDRÉS

Nacín en Combarro no ano 1992. Na gardería ensináronme a bailar muiñeira e a comer vómito. Traballei cos meus pais na feira. Tamén no Froiz e no Decathlon. Formeime a nivel universitario en tradución e interpretación e mais en literatura e cultura comparadas. Na actualidade desenvolvo unha tese na Universidade de Vigo sobre tradución e poesía galega de autoría feminina mentres traballo de todo un pouco, sobre todo arredor da palabra, o que sinto como un terreo propio.

En 2015 saíu do prelo o texto *Amentalista*, unha homenaxe ao pintor René Magritte, e concedéronme o Premio de Poesía O Facho polo poemario *Nenaspíraes*, atravesado por Lois Pereiro e Uxío Novoneyra. A finais de 2017 publiquei *Corpo de Antiochia* (Galaxia), que máis tarde autotraducín ao castelán, poemario finalista do Premio Nacional de Poesía Joven Miguel Hernández 2018. Textos que escribo foron premiados en diversos certames e publicados en obras colectivas, como nas revistas *Dorna* e *sèrieAlfa* ou nas antoloxías *No seu despregar* (2015, Apiario) ou *Anthology of Young Galician Poets* (2019, Vakxikon). No ano 2019 saíron do prelo dous poemarios: *Irmá paxaro* (Cuarto de Inverno), finalista do I Premio María Victoria Moreno, e *Bosque vermello* (Edicións Positivas). Creei con Marcos Viso 'Cartas ás 12', proxecto que deu como froito o sobre viaxeiro *Bicos, laranxas e un feixe de pensamentos* (2019) e o álbum ilustrado *Distancias* (Galaxia, 2020).

Alén de poñer en práctica a dimensión escénica do texto e de participar en proxectos audiovisuais, imparto obradoiros poéticos e de animación lectora e coordino

diversos eventos literarios, como o ciclo de recitais 'Teñamos a poesía en Paz' da Librería Paz ou, a través da asociación Armadiña, o ciclo de vermús literarios 'Un ronsel de historias' e o festival poético 'Fala o mar'. Codirixín os dous números da revista *Ligeia*.

A fame dos poetas

O corpo da meniña deitado na mesa.
Cando as luvas abrazan as túas mans,
inicias a intervención.

Limpas a pel arredor do embigo
e fas unha incisión á dereita del.
Tiras da membrana e, pouco a pouco,
vas descubriendo cada músculo.

Dáslle a volta
(a cabeza continúa na mesma posición),
prosegues a túa tarefa
e logo retirás, un a un,
todos os músculos.

Levas as mans, ensanguentadas, á boca
(bebes,
tamén lambes a carne),
e cando xa non queda nada máis que o esqueleto,
limpas ben todos os ósos,
fonte da medula,
e clavas nun deles a palla
(bebes,
lambes tamén os teus propios beizos;
que pouco che gusta cocíñar, pensas).

Arrincas o que queda da pequena
(as pernas, ben carnosas,
os brazos, ben mornos,
a face, ben doce, ben lene)
e deixas as sobras na esquina,

a carón da vasoira,
por se a algún dos teus compañeiros
lle entra a fame.

Nenaspiraes

a lingua secreta dos nenos franceses

I.

os cativos franceses chámanlle
ao algodón de azucre

barbe-à-papa

queren sentir

aínda

sobre a lingua
as cóxegas dos paxaros
que lles extirpan
ao medrar

o tempo

despois

fai a explosión
inminente

II.

cando non queren ir á escola
cítanse todos na praza da aldea
colócanse un a un en perfecta ringleira
exquisita

o primeiro é quen leva o animal entre as mans
suave linguetón
corren cos seus pantalóns tan curtiños
coas súas saias tan leves
tan lenes

colocados en semicírculo
déixanlle na porta á mestra
un coelliño tan tan pequeno

que a súa inocencia é
inapropiable

québranse a cerámica dos pupitres
as plumas estilográficas

marchan aprender
todo o que agocha
a liberdade

III.

*os nenos franceses non teñen fame
teñen / no estómago / un buraco*

un paxaro crava o peteiro
contra o estómago do pequeno

Jacques

e logo comeza a xirar
limpa, lenta e fundamente
sobre si mesmo

e no espazo

oqueándolle o corpo

instalándolle no ventre

unha promesa de deserto

brisa vento baleiro

limiar de cativa existencia

eliminación da curvatura convexa

que todos os nenos

locen no ventre

cando Jacques inxire o manxar

o paxaro recompón as pezas

e logo emprende o voo sobre os límites
da vasta campiña

coa ollada aberta
a calquera gurgullar
infantil
da fame

IV.

entran na cociña a paso de lobo
pola noite
irradiando a chorro o alborexar

debúxanse no aire as portas dos armarios

como contraventás abertas

e a luz das fendas contorna

os tarros que mamá foi colocando nos estantes

tan pouco a pouco

tan cos anos

(paisaxe da cor)

e que papá aínda non comeu

(non volveu)

arrecende a marmelo

(esponxoso)

a canela

(exótico aroma liña no ar)

ao limón da horta

(entre os dedos cando o biscoito)

sobre o mesado

de xeonllos

os pícaros engóleno todo

celebran

que á súa inocencia

todo lles é pastel

V.

cae nas mazás
a engurra da nai

os homes rompen as súas pipas

esas son as noites
dos nenos
máis brancas

Ao outro lado do cristal hai unha flor
que che impele ao tacto. Non podes
romper o impoluto, recorda. É así: nesta
escena hai un recendo que non pode
ser. A palabra *amante* naceu para
expresar a urxencia do prohibido que
cómpre romper. Esta ocasión é propicia
para converter o desexo en raíz e arrincar
todo desde a fondura. Agonizar.
Olla como medra a flor desde a
túa envoltura de sangue. Prohíbelle
aos labios poñerlle nome. Tras pechar
o peito, bica a superficie e celebra a idea
da ollada que todo o pode traspasar.

Bosque vermello

*guía de lectura

(pequeno vocabulario/diccionario fraseolóxico francés-
-galego)

barbe-à-papa (barba de papá): algodón de azucre

poser un lapin (poñer un coello): deixar plantado

avoir un trou (ter un buraco): ter fame

à pas de loup (a paso de lobo): no bico dos pés

c'est du gâteau! (é pastel!): está chupado

casser sa pipe (romper a pipa): morrer

tomber dans les pommes (caer nas mazás): desfalecer

nuit blanche (noite branca): noite en vela

Poemario galardoado nos *Premios Xuventude Crea 2017*

Sitúaste fronte ao millo. Os ourizos que acaban de abrir deixan a súa pegada no aire. A cor que define o teu corpo é tan intensa coma o deveso de introducir as mans no saco de gran fresco que a avoa esqueceu debullar. Aquel día comezaba a primavera e chegaba para entregarlle o fantasma da flor. Cheiraba a ferruxe. Retorna agora no aire. Respiras, e irrompe sobre ti a cúpula e toda a dor que contén a palabra *desplomar*. Ábrense as espigas para ofrecerche as súas vértebras. Descubres que hai flora que tamén é real.

Bosque vermello

Amar non é pronunciar
mais
esquecer as vertixes todas
inserir os diámetros todos
no ventre
separar os beizos
e os brazos

dar de beber

Bosque vermello

Chegamos á cidade a través das pontes
pero o noso destino non era río.
Levabamos con nós a cativa
para amosarlle o bambear
dos encadeamentos que só reločen
no maxín. Ás veces creamos
para crer.

Chegamos á cidade a través das pontes
cos pés luxados e as linguas
en equilibrio.
Quitamos os zapatos brancos
de charol. Chegamos. Marchamos.
Prometemos non volver.

Bosque vermello

O avó perdeu un ollo en Alemaña
cando traballaba na mina. Nunca volveu
a si do mesmo xeito. O cinturón
contorneáballe a barriga
e mastigaba pan xugado en viño.

Morreu nunha residencia con
nome de barco. É curioso como
a xente traza a propia cartografía.
Eu fun unha vez co pai
e non volvín
para que a vivencia
non percutise.

Os anciáns abrindo autómatas
a boca. Expulsar sen consciencia
calquera líquido.

Quero pensar que ver é máis ca un
acto do corpo. O poema tamén.
O corpo é unha mentira.

Bosque vermello

Os dedos non foron concibidos
para culpar,
senón para probar o amor.
Contornalo.

Deberíamos prescindir
en ocasións
das falanxes
entregar as costas como ramo
e abrir só para nós
o bosque.

Bosque vermello

Coa esponxa na man dereita
aseamos o corpo do amante
ferido. Nós nunca vivimos
en tempo de guerra, mais
combatemos.

A espuma, coma luz,
dálle orde ao cabelo.

Mesmo así a carne recende.

Así o noso xeito de limparmos
a maleza
da batalla.

Bosque vermello

Astrid de Suecia

levo sobre as costas a poeira da cidade
tamén nos meus recantos
e por esa razón acaso non son quen
de cuspir un termo que che faga bonita

así, decidín tatuar na man un puñal
para asestar contra todas as palabras
que nalgún tempo te construíron deusa

a ti, que es ao tempo acubillo
e expulsión, eu tamén che podería escribir
un longo poema, mais velaquí
un disparo, unha necesidade de esgazarche
a memoria, devorala

comeríache todas as prazas
unha a unha
para que as dúas aprendamos a ser tan vastas
coma intransitables

asasina chamareime Astrid
para evitar morrer aos 29 anos
fuxir polo xardín cando se faga noite
e converterme nunha gran bailarina
polas rúas de podremia
e de golpes
(ese eterno neno a golpear sobre ti
e o teu corazón afundido, feito foxa)

son Astrid, raíña das belgas!
son Astrid, raíña das belgas
e son horrenda e fermosa ao tempo

porque morrín cun neno dentro
e agora onde procuralo no meu interior inmenso
de prazas que se confunden

serei princesa de inverno
diante da Bolsa
*(la Bourse, la Bourse,
oh la la Bourse)*
e sobre o meu cráneo aberto
impactará Laeken
tamén as súas cristaleiras
todas as súas cristaleiras

deixarei en herdanza
no teu corazón
o retrato da miña fealdade en cada tenda
unha crinolina como esqueleto
o xeito de pronunciar
das marionetas francesas
*(princesse d'hiver
hiver, princesse)*
as marionetas francesas

levo sobre as costas o sangue da cidade
tamén nos meus recantos
e por esa razón acaso non son quen
de cuspir un termo que me faga bonita

Poema de *Cartografías para un pergamiño portátil* (2019),
acción poética xunto a Silvia Penas

Hélène Jégado

observa

a ondulación da gasa sobre a pedra, os brazos da rapaza arredor do ventre coma a protexer unha reliquia, coma a conter os corpos que despois da guillotina alguén dispuxo sobre a praza en exemplo: así dialogan o azul e o sangue.

alguén bisba *Hélène* para que ela tamén forme parte desta historia e a asasina en serie dos pasteis de arsénico fai a súa aparición para ofrecernos unha delicia, mais nós só observamos, lembra: non pronuncies.

o edificio combustiona e a rapaza do vestido azul dá en correr. atravesa tantos corpos sen lumes, incontables corpos que non saben pronunciar *arquitectura*, corpos que só din *corpos*, corpos que só din *rostro*, corpos que só din *praia*, que só din

observa

a fuxida, os corpos intanxibles tan carnosos, tamén cadavres para o exemplo. a historia desvela un pensamento e quen observa elabora.

Poema publicado no número 42 da revista *Dorna* (2019)

XURXO CHAPELA

Carballo, 1968.

Nacín, medrei (pouco, para que nos imos enganar), non me reproducín (a natureza é sabia) e é seguro que morrerei (máis pronto que tarde, visto a vida que me leva).

OBRA

Mudanza (poesía), Edición Positivas, setembro de 2019.

Rexenera Fest e Derrubando Muros con Pintura: prólogo de Carballo, derrubando muros con pintura, volume ilustrado sobre o proxecto de intervención urbanística do Concello de Carballo, Engaliolarte Edicións, decembro de 2017.

Lémbrome (narrativa), Edicións Positivas, xullo de 2016.

primavera de navallas (poesía), QueQueres Edicións, agosto de 2012.

Con Aroa, o último verán (novela xuvenil), Sotelo Blanco, decembro de 1999.

iv

no silencio doutro luns toco de marzo, cando a tarde é unha vaira de aire podre e o cigarro vinte sabe a caruncho e fartos de apañar ferrados de mentiras deixamos a poula as palabras, mellor será: non agardar unha esmola do teléfono, renunciar a ficar na túa mirada, ao balbordo do carne, as mans axexantes, ás sorpresas da ansia, dicir adeus mentres aínda é posible

v

o parte meteorolóxico avísao claramente: a primavera que chega vén con lepra, a esperanza agonizará cosida entre mentiras, agromará a cicatriz murcha dos erros, tentarán vendernos o medo pola rúa, terei que renunciar ao teu alento, a semana enteira será laborable e haberá que sulfatar todos os discos para que non agrele a sarna da música

x

olla como de súpeto o ceo se pecha, nesta cama onde o soño é pranto é onde acode a tolemia, afouta como a chuvia, estás comigo, amor, nesta cama, a tarde é un lagarto que se arrastra, estás comigo, amor, non busco nada, pero o medo segue labrado nos xeonllos, e con dor o orballo esfarragulla as nubes, só queda case intanxible o recordo, o tremor do desexo que aínda gardas na túa pel, a clara desor-

*de dos cabelos, a sombra detida dunha pantasma, a morte
polos brazos carrexando pesadume e palabras de amor
posiblemente, este sangue coma ti non ten nome, ámote por
riba dos teus goces, morrería agora se mo pedises*

De primavera de navallas

NON HAI CANTOS NEUTRAIS

A choiva que é a escusa para días perdidos de sexo a queimarroupa; a avoa —na cama, enferma, xa vellísima—, a bisbarche que dentro da tulipa sen bombilla hai homes e mulleres de luz; o teléfono que soa na casa baleira, como un eco mancado —estás tan só que nin reconeces o timbre; e menos, o silencio que enche o auricular como unha coitelada—; a lámpada que apagas cando se fan as tres da mañá para soñar que non podes durmir; todas as semanas enteiras nas que te ergues con pingueiras de medo no peito; as conversas inchadas de derrota: “Sabes canto morden as sombras?”, “Teñen cantos dentados”, “A vida fixo augas”; os libros que amades, os que vos fan chorar e os que xa non vos farán rir; a estantiga de corpos nus contra os que afogas; aquel ano no que te convertiches no teu peor inimigo; os meses en Madrid como matrioskas: un fracaso dentro doutro fracaso dentro doutro fracaso, dentro.

E queres ser inmortal, pero logo non sabes que facer os domingos pola tarde.

De Mudanza

Sempre tes abafados os lentes de mirarme. E no fondo do bolso abisal, os de foder de cerca. Para quererme todo é presbicia.

De Mudanza

O amor está nos ósos e hoxe fas cincuenta e cinco. Nada comparado coa distancia entre nós: un barranco sen fondo de recordos feridos.

Devólvoche as canas que non tes, as que teimas en tinguir de nunca acerto que cor.

Devólvoche a gravidade das tetas: podres lonxe das miñas mans, abandonadas.

Devólvoche a evidencia das engurras: a orografía máis fermosa do teu mapa.

Devólvoche a sabedoría da aperta: ese xeito perfecto de encher todos os meus espazos.

Devólvoche o ritmo exacto de me envolver en cada embate.

Devólvoche a tenrura e o acougo.

Devólvoche o nome, que xa nunca escribirei, Carla.

Devólvoche, máis que nada, (a mentira d) o teu sorriso: porque aínda me desarma, porque aínda me bota á intemperie.

Queda con todo, pero déixame volver ao resío sucio da miña vella vida oxidada.

De Mudanza

TARDE DE CADE(L)AS

I

Da tarde queda apenas unha cinza de promesas. O desexo adiado na artesa do desleixo, a levedar, é un silencio que non queres abrir: mentiras cis-cadas polo chan como roupa sucia.

II

Baixamos xuntos ao bar, a evitarnos, resignados á fin dunha pelexa que perdemos hai tempo. O camarreiro escancia 40 graos de esperanza choca dun ron polo que alguén debería desculparse. Pero trenzas o nó dunha mímica que é tregua, que é encoro: o sorriso dos teus ollos na neniña que se chama coma ti, que é festa coma ti, que vai de mesa en mesa imitando carantoñas e conta os dedos (catro) para repetir o saúdo divertido do noso veciño, o que lle xoga ás escondidas co polgar.

III

Miras o teléfono, na miña man, como a unha necrolóxica: “Esa foto xa cha lín nun poema”. No rebumbio da terraza, a Canción mixteca contáxianos todas as morriñas cun queixume que agoira un orballo de desolación. Como se xa non volveses estar, como se non foses volver nunca. E co corazón famento –mais a xaneira, ácima–, as labras da túa ausencia cébanse en mín.

IV

Somos unha morea de entullos. Xa nin fodemos de prestado en camas como nichos. De enxugar cos corpos o tremor hai semanas que deixamos

de falar: a túa mirada converteuse no sumidoiro dun sexo barthlebyano. Estamos vivindo vida morta. Para completar a ruína, Ramón Irigoyen caeche dos xeonllos nus unha mañá enferma de xullo e eu perdín a Claudio Rodríguez na última mudanza.

V

Todos os trens que me levaban a ti descarrilaron. É hora de declarar o amor en bancarrota.

De Mudanza

LEVA, SEN TI, CHOVENDO OITENTA DÍAS

Leva, sen ti, chovendo oitenta días, como se a vida non custase xa dabondo. Na imaxe no espello dos meses xuntos saíu un aparte, igual que as xentes que Bernardo Soares atopaba nas casas de pasto de Lisboa.

Ceguei a ti canso de perderme e agora ando arrastrando o coto dun amor axóuxere, un amor cenoria de pau –tras pau tras pau tras pau tras pau–, un amor monórquido, un amor de miradas que nunca suaron por buscarse, un amor fóra de servizo, un amor domiciliado cuxos recibos acababan no lixo sen abrir.

Na saía das horas que nos mancaron, xa non afío a fame de que o meu peito che bata no lombo: afastados os corpos, non chego a peto descosido, a árbore en apuros, a lapa eivada, a aberta sobada, a coágulo de bico, a tumba baleira por cavar, a ponte circular cara a ningures, a outro proxecto fracasado.

Funte esperar á parada de Sevilla co paraugas que nos roubaron, pero nunca chegou o 9.

ÍNDICE

LIMAR	5
ARANCHA NOGUEIRA	7
EDUARDO ESTÉVEZ	25
STHER F. CARRODEGUAS	39
TAMARA ANDRÉS	61
XURXO CHAPELA	79

